

**MÉDICO/A DE FAMILIA DE ATENCIÓN PRIMARIA**  
**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase como "risco laboral":**

- A) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- B) A probabilidade de que se produza un dano no centro de traballo.
- C) A probabilidade de que, como consecuencia do traballo, se produza un dano físico ou psíquico derivado de axentes físicos, químicos ou biolóxicos.
- D) A probabilidade alta de que un traballador sufra un dano previsible en calquera fase da actividade da empresa.

**2. A Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade ten por obxecto a regulación:**

- A) Do Réxime de Seguridade Social.
- B) De tódalas accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde.
- C) Dos recursos sanitarios.
- D) Todas son correctas.

**3. Segundo o artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia corresponde a:**

- A) Servizo Galego de Saúde.
- B) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- C) Dirección Xeral de Saúde Pública.
- D) Consellería de Sanidade.

**4. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que fagan referencia á saúde só poderán ser tratados cando:**

- A) O afectado consinta expresamente ou así o dispoña unha lei por razóns de interese xeral.
- B) O afectado consinta expresamente.
- C) O afectado consinta expresamente ou se certifique, polo órgano competente, o interese científico do tratamento dos datos.
- D) O afectado consinta expresamente ou sexa preciso utilizalos para fins estatísticos ou científicos de interese xeral.

**5. De conformidade co artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:**

- A) O nivel do título esixido para o ingreso.
- B) O tipo do seu nomeamento.
- C) A función desenvolvida.
- D) Todas son correctas.

**6. Segundo o artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a atención primaria caracterízase por:**

- A) A medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos de saúde.
- B) Unha alta intensidade dos cuidados requiridos.
- C) Un enfoque global e integrado da atención e da saúde.
- D) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos.

**7. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:**

- A) Unicamente pode ser persoal directivo quen teña previamente a condición de persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza.
- B) As convocatorias para a provisión de postos de xefatura e coordinación deben ser publicadas no Diario Oficial de Galicia.
- C) O persoal de xestión e servizos non pode acceder, polo sistema de promoción interna, a prazas de persoal licenciado sanitario.
- D) Os aspirantes seleccionados e nomeados nun proceso selectivo dispoñen dun prazo de 15 días para incorporarse ao destino adxudicado.

**8. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco, en que suposto se declarará o persoal estatutario fixo na situación de servizos especiais:**

- A) Cando se acceda a unha praza de formación especializada mediante residencia.
- B) Cando se declare a suspensión firme en virtude de sentenza.
- C) Cando se atope na situación de incapacidade temporal.
- D) Cando se atope en comisión de servizos noutra praza.

**9. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que os aspirantes nun proceso de selección de xefatura de personal licenciado sanitario deberán acreditar un mínimo de:**

- A) Un ano de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, no Servizo Galego de Saúde, ou 5 anos nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.
- D) Un ano de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto, no Servizo Galego de Saúde, ou 3 anos nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

**10. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:**

- A) Non pode conter valoracións sobre a evolución clínica do paciente.
- B) Debe destruírse unha vez que transcorran cinco anos desde o falecemento do paciente.
- C) É propiedade, en todo caso, do médico ou profesional responsable.
- D) Debe conter suficiente información para documentar o proceso de atención sanitaria do paciente.

Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase como "condición de traballo":**

- A) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral especificamente prevista na normativa regulamentaria.
- C) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador.
- D) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.

**2. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:**

- A) A selección de persoal temporal, licenciado sanitario de atención especializada, realizarase en atención á orde de prelación que resulte de listas periodicamente elaboradas.
- B) Os concursantes que obteñan praza nun concurso de traslados deberán cesar na que desempeñen dentro dos cinco días seguintes a aquel no que se publique a resolución definitiva.
- C) Os postos de xefatura de persoal licenciado sanitario poden cubrirse, en determinados casos, polo sistema de concurso de méritos.
- D) Os servizos prestados como persoal temporal poden valorarse nos concursos de traslados.